**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 06/05/2019**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
SONIA OUTÓN CASAL
LINO MOURIÑO SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

**SECRETARIO/A**
MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 06/05/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26-abr-2019, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2019/1797**
En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:
1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:
**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

| PROVEDOR | CIF | GASTO 2019 | PROPOSTA A APROBAR | CUMPRE LÍMITES |
|---|---|---|---|---|
| AS. PARA LA DEFENSA DE LA VERBENA GALLEGA | G94175528 | 450,00 € | 06/05/2019 | si |
| ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO | G36457745 | 340,00 € | 06/05/2019 | si |
| ASOC. CUL. NOS | G36043933 | 500,00 € | 06/05/2019 | si |
| BAÑOS PRINT, S.L. | B36252872 | 99,73 € | 06/05/2019 | si |
| COCINA GALLEGA CONTEMPORANEA, SL | B94129095 | 5.520,00 € | 06/05/2019 | si |
| CRESPO GOMEZ CARLOS | 15373039T | 1.105,00 € | 06/05/2019 | si |
| PAZO DE RUBIANES, S.L. | B94162617 | 2.240,00 € | 06/05/2019 | si |

**b)** Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/1742**
Dáse conta do escrito presentado por **D. Domingo Augusto Augusto,** de queixas por cans soltos na Rúa A Depuradora e solicitando a adopción de medidas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que os cans están soltos, aparentemente sen dono e a única solución é recollelos. Por parte da Policía Local pódese acompañar aos traballadores de emerxencias para a identificación de algunha persoa que se manifestase como dono de algún can. .
A Xunta de Goberno Local queda Sabedora e acorda dar conta á Protectora de Animais do informe da Policía Local co fin de que se adopten as medidas oportunas.

**PRP2019/1743**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Fernández Cortegoso, en representación de **Cruz Roja Española,** solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebración de diversas campañas informativas os días 8 e 30 de maio e 20 de xuño na Praza de Galicia con motivo do Día Mundial da Cruz Roja e La Media Luna Roja (día 8) e Cruz Roja en tu ciudad (día 30) e os días 17 ao 23 de xuño para colocar nas árbores do Xardín de Ravella mensaxes, con motivo da celebración do "Día Mundial das Persoas Refuxiadas".
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:
Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2019/1744**
Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de abril de 2019 de aprobación orzamento de **Mantenimientos Contraincendios SL** para prórroga do mantemento dos sistemas de extinción de incendios das Instalacións Municipais, figurando no mesmo:

| DESCRICIÓN | PARTIDA | IMPORTE TRIMESTRE | TORAL 2 TRIMESTRES € |
|---|---|---|---|
| ...)<br>EMERXENCIAS<br>...) | 235.213 | 24,20 | 48,40 |

E debendo figurar:

| DESCRICIÓN | PARTIDA | IMPORTE TRIMESTRE | TORAL 2 TRIMESTRES € |
|---|---|---|---|
| ...)<br>EMERXENCIAS<br>...) | 135.213 | 24,20 | 48,40 |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2019/1745**
Dáse conta do escrito presentado por D. Gabriel González Díaz, en representación de **PSG-PSOE Vilagarcía,** solicitando a ocupación de vía pública en Alameda do Carril o día 13 de maio, en horario de 10:30 a 15:00 horas.
Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que deberá axustarse ás seguintes condicións:
Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada por tratarse dun espazo non cedido para actos de campaña electoral.

**PRP2019/1748**
Dáse conta do escrito presentado por **Real Club de Regatas Galicia,** solicitando autorización para ocupación de vía pública con dúas carpas na Rúa Castor Sánchez, a carón do edificio do citado Club, o día 18 de maio, con motivo da celebrtación da XXIII edición da Regata Almirante rodríguez Toubes - Copa Galicia.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:
Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2019/1749**
Vista a solicitude realizada por Dona Marta García Lago, solicitando autorización para colocación de bandeirolas nos farois de alumado público, con motivo da realización da 7ª edición do Salón Arosa Motor e da 3ª edición da Feira ExpoCasa no Recinto de Fexdega, a celebrar no mes de maio (Salón Arosa Motor os días 3, 4 e 5 de maio) (Feira ExpoCasa os días 17, 18 e 19 de maio).
A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, facendo constar que deberán proceder á retirada das bandeirolas unha vez rematen as exposicións.

**PRP2019/1750**
Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa viabilidade do Campionato Galego de Triatlón, que se vai a desenvolver o día 12 de maio en horario de 9:00 a 14:15 horas, no que se expoñen as medidas a adoptar por parte da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación á realización do devandito Triatlón, debendo levarse a cabo as actuacións descritas no informe da Policía Local de data 24 de abril de 2019.

**PRP2019/1751**
Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa proposta de controis de radar para o mes de maio e resumo dos controis de velocidade realizados durante o mes de abril:
Controlaronse 2879 vehículos, detectándose 287 infraccións, o que supón un 8,3% de infracción, porcentaxe de infracción moi inferior ao pasado mes (17% dos vehículos controlados).
As maiores velocidades rexistráronse na Avda. Agustín Romero, e tamén se rexistraron velocidades especialmente altas en Bamio, Rúa Outeiro 23 (81 km/h) e Avda. Agustín romero (82 km/h).
A Rúa con maior porcentaxe de infracción foi Victor Pita (proximidades da Depuradora) e na Rúa Valle Inclán nº 67.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/1796**
Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias SL** para a reparación do guindastre municipal (matrícula E5171DLH) por un importe total de 5.244,83 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2019/1770**
Dáse conta da lista provisional de nenas e nenos admitidas/os e lista de agarda da Escola Infantil Municipal (Matosinhos) para o curso 2019-2020.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á mesma.

**PRP2019/1771**
Dáse conta da apertura do prazo de inscrición para a Escola Infantil de Verán dende o 7 ao 16 de maio de 2019, de conformidade co establecido no Artigo 7.3. do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.
A Xunta de Goberno queda sabedora.

### EMPREGO

**PRP2019/1778**
Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, na que se aproba a certificación acreditativa achegada polo Concello, relativa á contratación laboral de trinta e seis traballadores/as a tempo completo por un período de 9 meses e se autoriza o pago a este Concello do importe de 163.221,14 € (50%), en concepto de aboamento do primeiro anticipo polas contratacións efectuadas ata o momento.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2019/1779**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro: Aprobar, se procede, a proposta da oferta pública de prazas para o curso 2019-2020, seguinte:

| ESPECIALIDADE | G. ELEMENTAL | G. PROFESIONAL | TOTAL |
|---|---|---|---|
| CLARINETE | - | 2 | 2 |
| FRAUTA | 1 | 1 | 2 |
| GAITA | 1 | - | 1 |
| GUITARRA | 1 | 1 | 2 |
| PERCUSION | 1 | 1 | 2 |
| PIANO | 3 | 4 | 7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| SAXOFÓN | 1 | 1 | 2 |
| TROMBÓN | 1 | - | 1 |
| TROMPETA | 1 | 1 | 2 |
| VIOLIN | 1 | 2 | 3 |
| VIOLONCHELO | 2 | 1 | 3 |
| TOTAL | 13 | 14 | 27 |

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación seguinte:
- Do luns 13 ao xoves 23 de maio de 2019: matrícula nas probas de acceso para o curso 2018-19
- Do luns 10 ao xoves 13 de xuño de 2019: matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2019-20
- Días xoves 20 e venres 21 de xuño de 2019 (exclusivamente en horario de mañá): matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2019.

Terceiro: Autorizar á Dirección do centro para:
a) Publicación da oferta pública de prazas e o calendario de matriculación anteriormente sinalados así como a adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación do alumnado do vindeiro curso 2019-20.
b) Modificación da oferta pública de prazas e do calendario de matriculación, no suposto de ser urxente e necesario, informando á XGL e mantendo en calquera caso os límites actuais de contratación do profesorado.

**PRP2019/1780**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes prezos públicos para a venda de entradas dos Concertos do Festival Internacional de Música Clasclas, que terán lugar os días 29 de xuño e 5 de xullono Pazo de Rubiáns e os días 2 e 4 de xullo no Pazo da Golpelleira (IVE incluído), poñendo á venda un número máximo de entradas de 600, distribuídas do seguinte xeito e polo importe que se indica, aplicando os gastos engadidos do control de venda e accesos de Ticketea:

PAZO DE RUBIÁNS: 14,78 € para as entradas individuais dos concertos dos días 29 de xuño e 5 de xullo, poñendose á venda 80 entradas para cada concerto.

PAZO DA GOLPELLEIRA:
- 14,30 € para as entradas individuais dos concertos do 2 e do 4 de xullo, poñendose á venda 60 entradas. para cada concerto
- 24,56 € para a entrada de abono aos concertos do 2 e 4 de xullo, cun número de abonos á venda de 160.

Así mesmo acórdase aprobar o gasto correspondente á venda das entradas se realice a través do control de billeteira de Ticketea, por un importe total de 250,00 €, con cargo á partida 3261.22799.

**PRP2019/1781**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, en relación coa contratación de servizos de degustación de viño e catering para Concertos no Pazo de Rubiáns e no Pazo de A Golpelleira da II edición do Festival Internacional de Música Clasclas, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar o gasto por un importe total de 7.760,00 €, con cargo á partida 3261.22609, coa seguinte desagregación:
- Orzamento Pazo de Rubianes SL, por un importe total de 2.240,00 € para o servizo de degustación do viño Pazo de Rubianes logo dos concertos dos días 29 de xuño e 5 de xullo de 2019 da II edición do Festival Internacional de Música clasclas.
- Órzamento Empresa Sens Catering-cocina Gallega Contemporánea SL, por un total de 5.520,00 € para o servizo de catering logo dos concertos dos días 2 e 4 de 2019 da II edición do Festival Internacional de Música clasclas, para un total de 60 persoas cada día e 160 abonos para os dous días.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**XUVENTUDE**

**PRP2019/1784**
Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2019, por un importe total de 1.105,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637, coa seguinte desagregación:
1.- XIII Festival AC Nós de Sobradelo, no Auditorio Municipal o día 12 de maio, en horario de 18:00 a 20:00 horas, por un importe de 600,00 €.
2.- Discoteca Móbil "La Duendeneta" (Carlos Crespo Gómez), na Rúa Valentín Viqueira, o día 17 de maio, en horario de 22:30 a 02:00 horas, por un implorte de 605,00 €.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

**MEDIO AMBIENTE**

**PRP2019/1783**
Dáse conta de Resolución da Directora Xeral de Administración Local, de concesión de subveción do Fondo de Compensación Ambiental, na Liña Non Competitiva, para o porxecto denominado "Mellora do bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector en Rúa Sobreiral Na Parroquia de Cea", por un importe total de 12.176,37 €.
A Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.
2.- Que se inicien os trámites para poder executar as obras no seu día adxudicadas.
3.- Dar conta da Resolución ao Departamento de Intervención.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2019/1782**
Vista a proposta da Concellería de Persoas Maiores, acórdase aprobar os requisitos que deben reunir os asistentes así como o orzamento para a celebración da XXVI Edición da Romaría das Persoas Maiores, a celebrar o día 29 de xuño de 2019 no recinto de Fexdega, por un importe total de 10.448,83 €, con cargo á partida 2313.22634, que se desagrega do seguinte xeito:
- Victor Manuel Senín Alba: Servizo de caterign para unha estimación de 550 persoas: 9.559,00 €
- Asociación para la defensa de la verbena Gallega: Actuación musical Los Tres Latinos: 450,00 €
- Asociación Coral Rosalía de Castro: Actuación pola mañá: 340,00 € €
- Baños Print, S.L.: Deseño e impresión de 550 entradas troqueladas: 99,83 €

Acórdase así mesmo aprobar un prezo público de 7,50 €/persoa, estimando a asistencia de 550 persoas, polo que o orzamento sería o seguinte:
- Orzamento a asumir polo Concello: 6.323,83 €
- Orzamento a asumir polos asistentes: 7,50 x 550 = 4.125,00 €

O prazo de inscrición fíxase do 13 de maio ao 25 de xuño (ou ben ate completar as prazas).
Dáse conta de que se solicitou a PONTEGAL para cada unha das actuacións unha subvención ao atoparse ambos grupos no listado de grupos asociados a dito programa.

## CONTRATACIÓN

**PRP2019/1785**

Dáse conta do expediente de contratación correspondente á licitación do “Subministro dunha máquina portaféretros” (CT 44/2018-e) mediante procedemento aberto simplificado, cun tipo de licitación de 25.000,00 € (IVE incluído).
Dáse conta da presentación das seguintes Empresas:

CIF: B97440713: CLEM ECOLOGIC, S.L.
CIF: B99088999: MARCO TALLER CERRAJERIA SL
CIF: B-70491576: TREE OF LIFE SERVICIOS FUNERARIOS, S.L.U.
O órgano de contratación acorda a exclusión das empresas seguintes, polos motivos que se indican:
a) CIF: B99088999: Marco Taller Cerrajeria, S.L.
O licitador non está inscrito en ningún rexistro de contratistas.
A cláusula 7 do Prego de cláusulas administrativas particulares, esixe que os licitadores estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia. Indicando que non se admitirán á licitación empresas que non estean inscritas nos devanditos rexistros. Non presenta oferta económica nin declaración responsable cuberta.
b) CIF: B-70491576: Tree of life Servizos Funerarios, S.L.U.
O licitador non está inscrito en ningún rexistro de contratistas.
A cláusula 7 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, esixe que os licitadores estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia. Indicando que non se admitirán á licitación empresas que non estean inscritas nos devanditos rexistros.
Unha vez realizada a valoración da única oferta presentada correctamente, mediante aplicación do único criterio de valoración e adxudicación contemplado no Prego de Claúsulas Administrativas que rexe a licitación, o resultado é o seguinte:
CIF B97440713 Clem Ecologic SL: Prezo ofertado 19.999,0 € (sen IVE). Puntuación: 100 puntos. Motivo: aplicación criterio valoración PCAP
Vista a acta da mesa de contratación, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado CT 44/2018-e “Subministro dunha máquina portaféretros" á Empresa **Clem Ecologic SL**, de conformidade coa súa propia oferta, polo prezo de 19.999,0 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 4.199,79 €, o que totaliza unha oferta (IVE incluído) de 24.198,79 €, con cargo á partida 164.62300, por ser a única oferta presentada e axustarse aos criterios de adxudicación que rexen a licitación.

**PRP2019/1786**
Vista a seguinte proposta da Concellería de Urbanismo:

A Escola Galega da Paisaxe convoca os premios Juana de Vega de Intervención na Paisaxe 2019.

O premio é un recoñecemento a aquelas intervencións no patrimonio natural e construído que contribuirán a mellorar a calidade dos elementos que configuran a paisaxe de Galicia e sirvan de referencia social para futuras intervencións no mesmo.

Hai 3 categorías.

a.- Intervencións en espazos exteriores.

b.- Intervencións privadas no patrimonio construído e na súa contorna.

c.- Vivendas unifamiliares.

As tres categorías do premio terán una dotación económica de 6.000 € cada una delas, destinada ao autor do proxecto.

O Concello foi promotor de obras destacadas de intervención en espazos exteriores, e admítense participar na convocatoria do Premio as intervencións realizadas en Galicia que fosen rematadas entre o día 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2018, podendo ser candidatos ao premio os/as autores/as do proxecto ou da intervención.

A Xunta de Goberno Local acorda:

-Propoñer 2 candidaturas ao Premio Juana de Vega de Intervención na paisaxe 2019, que se citan a continuación:

1.- Reforma e acondicionamento de camiño de acceso ao Parque do Montiño - Autor : Iago Fernández Fuentes.

2.- Humanización Praza de Galicia e tramo Padre Feijoo – Autor: Mariano Vázquez Iglesias.

3.- Escola Infantil de Vilaxoán. Autor: Iago Fernández Fuentes.

Comunicar o acordo aos autores citados para que presenten, se o estiman oportuno, a candidatura coa documentación requirida.

**PRP2019/1787**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de abril de 2019 de dación de conta de concesión de subvención por parte da Deputación de Pontevedra, figurando no mesmo:

"Dáse conta da resolución da Deputación de Pontevedra, concedendo ó Concello unha subvención por importe de 57.154,52 € con destino ao financiamento do investimento “Substitución de material de cobertura no Pavillón de Faxilde” (Exp. 2019010962), debendo estar xustificado o investimento, na súa totalidade, a 31 de decembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora."

E debendo figurar:

Dáse conta da resolución da Deputación de Pontevedra, de aprobación do reparto de material ó abeiro do Programa de Mellora de Espazos Públicos durante o exercicio 2018, polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa 4 bancos para o Parque Celso Emilio Ferreiro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2019/1795**

Con data 25 de febreiro de 2019 a empresa Zona de Obra O Rosal, SL recibiu en relación coa execución das obras “Renovación de Barandillas no entorno de Vista Alegre a seguinte comunicación de Alcaldía:

*“Con data 6 de xuño de 2018, asinou Vde. en representación de Zona de Obra O Rosal, S.L. un contrato administrativo con Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que, se comprometía á execución das obras de “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre” por un importe de 67.000,00€ (IVE engadido), <u>e cun prazo de execución de 3 meses</u>, a contar dende o seguinte ao da sinatura do contrato.*

*Dado o tempo transcorrido dende a sinatura do contrato, máis de 8 meses, sen que a actuación e atope rematada, requíreselle para que, no prazo de 15 días, contados a partir da recepción da presente comunicación, finalice de inmediato as obras contratadas, xa que, en caso contrario, procederase á resolución do contrato, co conseguinte abona da indemnización ao concello polo danos e prexuízos que correspondan.”*

Na actualidade as obras atópanse nun estado inicial, estando un alto porcentaxe das mesmas sen executar.

O artigo 213.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP establece o seguinte: “Cuando el contrato se resuelva por incumplimiento culpable del contratista le será incautada la garantía y deberá, además, indemnizar a la Administración los daños y perjuicios ocasionados en lo que excedan del importe de la garantía incautada”.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

A Resolución do contrato asinado coa empresa Zona de Obra o Rosal, SL., para a obra “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre”, por incumprimento do prazo total do contrato fixado en 3 meses para a realización do mesmo. Debendo presentar a certificación acreditativa das obras realmente executadas.

1. A Resolución do contrato asinado coa empresa Zona de Obra o Rosal, SL., para a obra

“Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre”, por incumprimento do prazo total do contrato fixado en 3 meses para a realización do mesmo. Debendo presentar a certificación acreditativa das obras realmente executadas.

2. Comunicar á empresa Zona de Obra O Rosal, SL. A perda da garantía do 5% do presuposto de adxudicación do contrato que ascende á contía de 2.768,60 € polos danos e prexuízos causados ao Concello.

3. Comunicar á empresa Globalia Urbanismo Integral, S.L., segunda empresa clasificada no procedemento de licitación desta obra, si estaría en disposición de proceder á execución parcial da mesma.

4. Dar conta deste acordo a Zona de Obra O Rosal, S.L e a Globalia Urbanismo Integral, S.L para que presenten en relación con esta proposta as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 dias a contar dende a notificación.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2019/1838**
Acórdase o pago non orzamentario a favor de **Sanitas S.A. de Seguros** correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de maio de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 418,00 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

**PRP2019/1840**
Acórdase o pago non orzamentario a favor de **Segurcaixa Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros** pola factura Nº 101641_0419_06631035 correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de abaril de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares (máis unha cota atrasada do mes de marzo) por importe de 12.845,13 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

**PRP2019/1841**
Dáse conta da rendición de contas de pagos a xustificar que presenta **Dona Luz Mª Abalo Pérez**, provisión de fondos aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xaneiro de 2019 para pagar os gastos da viaxe do profesor do D. Pablo Vidal Vázquez a Berlin para organización do II Festival Internacional de Música Clasclas
Xustificantes 286,19 €
Recibido 350,00 €
Diferenza ingresada en cta./Tesourería 63,81 €
A Xunta de Goberno, visto o informe de Intervención Municipal acorda aprobar a rendición de contas e pagos a xustificar presentada.

**PRP2019/1843**
Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente a grabación e emisión dos actos do Entroido Vilagarcía 2019 desfile infantil e desfile de Entroido".
Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **TV da Mancomunidade do Salnés SL**, polo importe de 605,00 € (IVE incluído), da factura A 2019/A/46 (Rex. 19/229), con cargo á partida orzamentaria 338.22699.

**PRP2019/1844**
Préstase aprobación á Certificación nº 7 da obra "Modificado nº 1 de Renovación Urbana do Entorno de Matosinhos. Primeira Fase. Entorno Rúa Matosinhos y Avda. Doutor Tourón Obra (4), subscrita polo Arquitecto Director das Obras, D. Iago Fernandez Puentes e executada pola empresa **Excavaciones y Transportes Ivanca SL**, cunha contía de 4.930,92 €, da que se acorda

o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 1532.61900.

**PRP2019/1845**
Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 13.000,49 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2019/53):

| Nº Rexistro Factura | Aplicación | Importe | Nome Ter. | Texto Libre | Documento |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/1257 | 2019 334 22199 | 53,27 | SOBRINO G., S.A. | GUANTE DURFLEX SN400 T-8 / MASCARILLA FFP3+VALV M-1300-V / BUZO M6COM MARINO T-M | 19 634 |
| F/2019/2538 | 2019 171 22109 | 1.215,67 | TROQUIÑA, S.L. | Ligustrum california ( Servizo: Parques e Xardins Responsable da compra: Dolores Barreiro Sumay ) / Solanum jasminoides | Emit- 19070 |
| F/2019/2547 | 2019 334 22699 | 328,01 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | T.RECTANGULAR GALVA 80X40X2.00 / T.RECTANGULAR GALVA 60X30.2.00 / T.CUADRADO S.GALVA 80X80X2.00 | E 1084 |
| F/2019/2570 | 2019 161 213 | 196,46 | REY PROCESOS DE FUNDICION S.L. | SUMIDERO 620X390 | FACF-2018 50 |
| F/2019/2574 | 2019 161 213 | 54,45 | REY PROCESOS DE FUNDICION S.L. | SUMIDERO 530X310 | FACF-2018 51 |
| F/2019/2575 | 2019 161 213 | 410,34 | REY PROCESOS DE FUNDICION S.L. | REGISTRO Ø600 CLICK D-400 / REGISTRO Ø600 CLICK C-250 / TAPA 40X40 B-125 ( DEPARTAMENTO DE AUGAS ) | FACF-2018 52 |
| F/2019/2602 | 2019 132 212 | 31,46 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | TAPA EXPANSIVA CIEGA BOTE SIFONICO 110 / MANGUITO CONEX INODORO RECT0 Ø90 / JUNTA LABIADA PARA MANGUITO WC. 90/110 / OBR | A 190114 |
| F/2019/2604 | 2019 132 212 | 204,49 | GANDARA GONZALEZ, JUAN A. | M2. REVEST. 1900 - GRIS 20X20 CM. / PORTES AGENCIA / OBRA BAÑO POLICIA LOCAL / ORDEN DE COMPRA 8222 / RESPONSABLE DE COM | A 190116 |
| F/2019/2605 | 2019 334 22199 | 14,88 | SOBRINO G., S.A. | PILA ALC.MAX-TECH 4706 B/4 VARTA / ARALDIT RÁPIDO 510207-GDE 15+15ml. | 19 1978 |
| F/2019/2622 | 2019 171 213 | 744,85 | TROQUIÑA, S.L. | Programador Miracle 6 estaciones DC ( Servizo: Parques e Xardíns Responsable da compra: Dolores Barreiro Sumay Material | Emit- 19083 |
| F/2019/2876 | 2019 135 22199 | 318,71 | KIMU 2000, S.L. | FLORIN 700 (GARRAFA 10L). | Emit- 190278 |
| F/2019/2940 | 2019 135 22103 | 1.264,79 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / | C190000155 |
| F/2019/2943 | 2019 453 22103 | 850,99 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GA | C190000153 |
| F/2019/2944 | 2019 454 22103 | 2.088,48 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / | C190000152 |
| F/2019/2944 | 2019 943 46300 | 547,56 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / | C190000152 |
| F/2019/2946 | 2019 171 22103 | 658,73 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO | C190000150 |
| F/2019/2948 | 2019 132 22103 | 1.113,58 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GASOLEO AUTO / GA | C190000148 |
| F/2019/2967 | 2019 135 213 | 57,90 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | MOLDURA BLANCO NIEVE S/TABIQUE 20X50MOLDURA BLANCO NIEVE S/TABIQUE 20X50 / MARCO 1 ELEMENTO S.27 PLAY BLMARCO 1 ELEMENTO | 401190082 |
| F/2019/2979 | 2019 164 22199 | 30,41 | EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L. | SEMIMASCARA PROFILE / FILTRO PRO2 A1B1E1K1P3 | A 10498 |
| F/2019/2985 | 2019 171 22109 | 365,15 | VIVEROS O PIÑEIRO, S.L. | FICUS ( REPOSICION PARQUES E XARDINS DOLORES BARREIRO SUMAY ) / SANSEVIERA / CACTUS / CACTUS / SAINTPAUIA / GINKGO BI | Emit- 627 |
| F/2019/2999 | 2019 453 213 | 53,84 | ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A. | BARNIZ UHS QUICKLINE / DILUYENTE ESTANDAR MS QUICKLINE / ENDURECEDOR ESTANDAR UHS QUICKLINE / DELTRON BICAPA BC | GFN 3549 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/3004 | 2019 454 213 | 99,50 | RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L. | ENCHUFE 3/4 10.565.1207 / ENCHUFE 3/4 10.565.6207 / ENCHUFE 3/4 10.565.6207 / 13112113GK MACHO ENCHUFE 1-1/16 / TULIPA P | RM 191045 |
| F/2019/3006 | 2019 171 22199 | 276,57 | INTERMACO, S.L. | m. MANGUERA 19 AMARILLO ( RESPONSABLE COMPRAS DOLORES BARREIRO ) / LANZA CONEXION RAPIDA ( RESPONSABLE DE COMPRAS DOLOR | Emit- 100 |
| F/2019/3007 | 2019 2311 213 | 29,83 | INTERMACO, S.L. | KIT MECANISMO DESCARGA D2P ( ORDE DE COMPRA 8306 RESPONSABLE COMPRAS RICARDO PICHEL ) | Emit- 101 |
| F/2019/3010 | 2019 454 22199 | 24,93 | INTERMACO, S.L. | SLINGA 2 m ( ORDE DE COMPRA 8224 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL) | Emit- 103 |
| F/2019/3011 | 2019 453 22199 | 38,48 | INTERMACO, S.L. | PAR BOTAS BELLOTA Nº 42 ( ORDE DE COMPRA 8217 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / CINTA AMARRE 6.50 m ( ORDE DE CO | Emit- 104 |
| F/2019/3012 | 2019 334 212 | 380,33 | INTERMACO, S.L. | M3 ARENA 04 ( ORDE DE COMPRA 8223 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / SACO CARGA ( ORDE DE COMPRA 8223 RESPONSAB | Emit- 105 |
| F/2019/3014 | 2019 161 210 | 410,43 | INTERMACO, S.L. | TUBO SN8 500 ( ORDE DE COMPRA 8199 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / ENLACE RECTO 3/4 ( ORDE DE COMPRA 8278 RESP | Emit- 107 |
| F/2019/3040 | 2019 454 213 | 41,93 | BAYGAR, S.L. | INTERRUPTOR PARE HO.DOBLE SAL ( OBRAS OBRA 454 RURAL GENERADOR GESAN ORDE DE COMPRA Nº 8344 CODIGO SERVIZO CAMIÑOS VECIÑ | Emit- 19002836 |
| F/2019/3050 | 2019 171 22109 | 126,98 | VIVEROS O PIÑEIRO, S.L. | AZALEA ( PARQUES E XARDINS REPOSICION DOLORES BARREIRO SUMAY ) / ARMERIA PSEUDOARMERIA / DAHLIA | Emit- 690 |
| F/2019/3052 | 2019 453 212 | 515,85 | DIGAMEL AROUSA, S.L.U. | COND.L.H.RZ1-K 5G16 1S48511VDPCOND.L.H.RZ1-K 5G16 1S48511VDP / 453-AVERIA CUADRO CARPINTERIA453- AVERIA CUADRO CA | 001191680 |
| F/2019/3056 | 2019 171 22199 | 451,64 | PADIN SILVA, FRANCISCO | SUBMINISTRO MATERIAL PARQUES E XARDÍNS | 19077 |
| **TOTAL** | | **13.000,49** | | | |

**PRP2019/1847**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 1.801,69 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel F/2019/57):

| **Nº Rexistro Factura** | **Aplicación** | **Importe** | **Nome Ter.** | **Texto Libre** | **Documento** |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/2447 | 2019 338 22699 | 272,25 | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. | CONCELLO DE VILAGARCÍA: ENTROIDO 2019 01/03/2019 | PV19 51 |
| F/2019/2495 | 2019 338 22699 | 239,58 | RADIO PONTEVEDRA, S.A. | AYTO. VILLAGARCIA - ENTROIDO / AYTO. VILLAGARCIA - ENTROIDO / AYTO. VILLAGARCIA - ENTROIDO / AYTO. VILLAGARCIA - ENTROID | 01 00101---19000372 |
| F/2019/2521 | 2019 338 22699 | 145,20 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | CARNAVAL VILAGARCÍA; MAR-1; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo Esp.paginas; 5x2 MOD; | P19 002030 |
| F/2019/2529 | 2019 338 22699 | 363,00 | UNIPREX, S.A.U. | EMISORA: PONTEVEDRA OCR; O.PUBLI: 1772012750; ANUNCIANTE: ENTROIDO 19-VILAGARCIA; P.EMISION: 21-21/03/2019; CL: CU; DUR | 2191012444 |
| F/2019/2543 | 2019 338 22699 | 181,50 | UNIPREX, S.A.U. | EMISORA: PONTEVEDRA EFM; O.PUBLI: 1772012751; ANUNCIANTE: ENTROIDO 19-VILAGARCIA; P.EMISION: 21-21/03/2019; CL: CU; DUR | 2191012445 |
| F/2019/2976 | 2019 338 22699 | 205,70 | FARO DE VIGO, S.A. | Publicidad: A0000001773 Tamaño: 2X5 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA- ENTROIDO - 02/03/2019 ( _ ) | 2019/0000850 |
| F/2019/3005 | 2019 338 22699 | 394,46 | RADIO POPULAR, S.A. | 190121- ENTROIDO 2019 ( CONCELLO VILAGARCIA ) / 190121- ENTROIDO 2019 ( CONCELLO VILAGARCIA ) | 0780200064 |
| **TOTAL** | | **1.801,69** | | | |

**PRP2019/1848**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 23.514,24 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2019/46):

| Nº Rexistro Factura | Aplicación | Importe | Nome Ter. | Texto Libre | Documento |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/1580 | 2019 132 22602 | 137,94 | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. | ANUNCIO OBXECTOS PERDIDOS 10/02/2019 | PV19 33 |
| F/2019/1604 | 2019 920 22201 | 14.453,69 | SOC. EST. CORREOS TELEG., SA | Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 ( 01 EXENTO ) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD | 4002522813 |
| F/2019/1966 | 2019 132 22602 | 290,40 | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | OBXETOS PERDIDOS; FEB-24; La Voz de Galicia; Arousa; Oficiales ; 2x3 MOD; | P19 000931 |
| F/2019/1988 | 2019 132 214 | 380,98 | TALLERES S. IGLESIAS, S.L. | REPARACION DEL VEHICULO NISSAN CABSTAR, MATRICULA 5171DLH; CAMBIAR ACEITE, FILTRO ACEITE Y AIRE. REVISAR NIVELES, LUCES, | TA 1900787 |
| F/2019/2013 | 2019 171 22699 | 302,50 | INTERMACO, S.L. | PILA LR03 ( ORDE DE COMPRA DOLORES BARREIRO ) / PILA LRO6 ( RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO ) / ESCOBA FIJA JAR | Emit- 97 |
| F/2019/2013 | 2019 171 22199 | 154,40 | INTERMACO, S.L. | PILA LR03 ( ORDE DE COMPRA DOLORES BARREIRO ) / PILA LRO6 ( RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO ) / ESCOBA FIJA JAR | Emit- 97 |
| F/2019/2040 | 2019 231 48001 | 233,12 | DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A. | SUBM. PRODUCTOS HIXIENE E ALIMENTACIÓN INFANTIL. ACCIÓN SOCIAL. | 151-1-02/44 |
| F/2019/2075 | 2019 231 48001 | 1.847,86 | PONTEVICUS, S.L.U. | SUBMINISTRO ALIMENTACIÓN, LACTANCIA E HIXIENE. FEBREIRO 2019. | FN FN0000163 |
| F/2019/2278 | 2019 132 214 | 17,00 | GALBAN FERNANDEZ, CRISTINA | LAVADO COMPLETO VEHICULO 0680-GSX. SEGURIDADE. | A 038 |
| F/2019/2279 | 2019 132 214 | 17,00 | GALBAN FERNANDEZ, CRISTINA | LAVADO COMPLETO VEHICULO 2424-JFJ. SEGURIDADE. | A 039 |
| F/2019/2318 | 2019 132 22799 | 217,80 | TRADESEGUR, S.A. | Prueba confirmatoria de drogas en saliva en laboratorio acreditado Dña. Carmen Roca López Inspectora Principal Policía L | F19E-00102 |
| F/2019/2379 | 2019 453 214 | 211,81 | GRUPO MAYORISTA SANTORUM | KIT.DISTRIBUCION BERLINGO 67607314 ( BERLINGO MATRICULA 2338GHV ) / BOMBA DE AGUA PSA ( BERLINGO MATRICULA 2338GHV ) / R | A 6223 |
| F/2019/2410 | 2019 132 214 | 245,00 | PAULOS BARROS, JUAN ALBERTO | RECAMBIO RODAMIENTO TRASERO DERECHO AUDI 2160-CMP. POLICÍA LOCAL. | 000019000157 |
| F/2019/2415 | 2019 132 214 | 60,50 | PAULOS BARROS, JUAN ALBERTO | REPARACIÓN PARAGOLPES DIANTEIRO AUDI, MATRÍC. 2160-CMP. SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO. | 000019000156 |
| F/2019/2418 | 2019 132 213 | 140,57 | TALLERES ELECT. DE PONTEVEDRA, S. COOP. | Alquiler repetidor Monte Xiabre / MES: MARZO | LT 62 |
| F/2019/2477 | 2019 334 22700 | 83,49 | CLECE, S.A. | Limpieza extraordinaria en las instalaciones del AUDITORIO, el dia 31 de marzo con motivo de la realización de la actuac | 02148000007419F |
| F/2019/2526 | 2019 135 213 | 369,05 | AIRBOX S.A. | Rect. Emit- 19040651 / REPARACION EN FABRICANTE ( N/PTO. ACEPTADO P9163 REPARACION: EQ592896/17 Departamento de EMERXENC | Rect-Emit-19040651 |
| F/2019/2551 | 2019 2313 48401 | 350,00 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | IMPORTE RECARGAS BONO BUS PENSIONISTAS MES MARZO 2019( 35 RECARGAS). | D-5- 2019 |
| F/2019/2561 | 2019 2311 22110 | 49,70 | SRCL CONSENUR, S.L.U. | SUContenedorBiotrex60N ( Surcursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA ) / TRBiosanitarioBiotrex | GLFA1900823 |
| F/2019/2598 | 2019 334 22699 | 490,01 | SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE | 0003338579 SALON GARCÍA ALCALDE REY DAVIÑA 14 , 14 VILAGARCIA (SANTA EULALIA 36600 VARIEDADES CONCIERTO SOLEÁ MORENTE 24 | 1190174062 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/2882 | 2019 926 22000 | 279,45 | SKETCH SYSTEM, S.L. | COPIA B/N A3 KONICA MINOLTA C658 ( SOLICITADO POR:MANUEL VILLALONGA DPTO. DE COMUNICACION SOCIAL PERIODO: 25/02/19 al 27 | A 19000271 |
| F/2019/2961 | 2019 161 22700 | 2.750,00 | OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L | SERVICIO CAMION GRUA Y LIMPIEZA CESTOS DE BOMBEO / MES DE MARZO DE 2.019 | A 1:A:19/233 |
| F/2019/2988 | 2019 3321 213 | 431,97 | FERNANDEZ PORTAS, ISIDRO | REPARACION AIRE ACONDICIONADO BIBLIOTECA | 2019 30626 |
| **TOTAL** | | **23.514,24** | | | |

**PRP2019/1849**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 101.090,65 €, con cargo ás partidas que se indican: (Rel. F/2019/55):

| Nº Rexistro Factura | Aplicación | Importe | Nome Ter. | Texto Libre | Documento |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/2454 | 2019 453 213 | 115,45 | SUMINISTROS SOHER, S.L. | STARGON C-8 PORTASTAR BOT. MEDIANA (4.44) / RECOGIDA DE BOTELLAS / MEDIOAMBIENTE/REGLAMEN/ADR. / TRAZABILIDAD ENVASE / P | A 316 |
| F/2019/2498 | 2019 170 22602 | 484,00 | RADIO PONTEVEDRA, S.A. | HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA | 01 00101---19000371 |
| F/2019/2512 | 2019 170 213 | 102,79 | PADIN SILVA, FRANCISCO | MATERIAL REPARACIÓN DESBROZADORA. MEDIO AMBIENTE. | 19069 |
| F/2019/2522 | 2019 920 22201 | 5.281,23 | SOC. EST. CORREOS TELEG., SA | Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 ( 01 EXENTO ) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD | 4002532911 |
| F/2019/2542 | 2019 454 214 | 117,37 | AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L. | REPARACION DEL MAN , PO-1813-AU , FECHA REPARACION 25.03.19 , Nº ORDEN REPARACION 581617 / ORDEN COMPRA Nº 8282 DE FEC | 19 2354 |
| F/2019/2657 | 2019 311 214 | 2,29 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR 3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / NUMERO DE ALBARAN 314 DATA DE ALBARA | 1 197 |
| F/2019/2658 | 2019 135 214 | 338,51 | JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L. | DIR 3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA OC:L01360600 UT:L01360600 OG:L01360600 / NUMERO DE ALBARAN 283 DATA DE ALBAR | 1 198 |
| F/2019/2880 | 2019 453 214 | 9,00 | RODISA, S.L. | REPARACION PINCHAZO / VEHICULO R4625BCP. | Emit- 66900 |
| F/2019/2881 | 2019 311 214 | 188,16 | RODISA, S.L. | CUB 185/65 R15SP STREETRESPONSE 2 88T / S.I. GEST. NUF (RD1619/2005) CATEGORIA B / ALINEADO DE DIRECCION (5738FKD) / VEH | Emit- 66983 |
| F/2019/2883 | 2019 454 214 | 38,00 | RODISA, S.L. | Rect. Emit- 66984 / REPARAR PINCHAZO 24"" / MONTAJE RUEDAS / VEHICULO E9962BBJ OBRAS | Rect-Emit-66984 |
| F/2019/2885 | 2019 135 214 | 26,02 | RODISA, S.L. | MONTAGE RUEDAS / REPARACION PINCHAZO / VEHICULO 0189FMB | Emit- 66982 |
| F/2019/2898 | 2019 1623 22700 | 80.539,58 | SOGAMA, S.A. | Tratamento RU Mes Marzo 2019 | 2019/0687 |
| F/2019/2962 | 2019 161 22700 | 11.534,60 | MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L. | LIMPEZA DE TUBAXES, SANEAMENTO E BOMBEOS DA REDE / MUNICIPAL - MES DE MARZO DE 2019 | A 1:A:19/449 |
| F/2019/3009 | 2019 132 214 | 308,19 | TALLERES S. IGLESIAS, S.L. | REPARACION DEL VEHICULO NISSAN CABSTAR, MATRICULA 5171DLH; DIAGNOSTICAR FALLO CABRESTANTE, MODIFICAR INSTALACION ANULAND | TA 1901111 |
| F/2019/3017 | 2019 135 22200 | 194,06 | REDES DE TELECOM. GALEGAS, S.A. | 60 Servizos RESGAL, xaneiro/febreiro/marzo | A 2019/A/21903106 |
| F/2019/3026 | 2019 170 213 | 297,30 | RAMON LOIS, S.L. | CUCHILLA TIPO BELAFER / CUCHILLA RECTA TIPO BELAFER / CASQUILLO LARGO BELAFER | N 30719 |
| F/2019/3043 | 2019 170 213 | 364,14 | BAYGAR, S.L. | TIEMPO DE TRABAJO ( TALLER ORDE DE COMPRA Nº 6799 CODIGO SERVIZO 170 SERVIZO ADMINISTRACION XERAL DO MEDIO AMBIENTE RESP | Emit-19002829 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/3057 | 2019 171213 | 351,52 | PADIN SILVA, FRANCISCO | SUBMINISTRO MATERIAL REPARACIÓN CORTACESPED TORO2. PARQUES E XARDINS | 19078 |
| F/2019/3058 | 2019 170213 | 562,24 | PADIN SILVA, FRANCISCO | SUBMINISTRO MATERIAL REPARACIÓN DESBROCE. MEDIO AMBIENTE | 19079 |
| F/2019/3059 | 2019 170213 | 236,20 | PADIN SILVA, FRANCISCO | SUBMINISTRO MATERIAL REPARACIÓN DESBROZADORA E MOTOSIERRA. MEDIO AMBIENTE | 19080 |
| **TOTAL** | | **101.090,65** | | | |

**PRP2019/1850**
Dáse conta da subsanación de deficiencias na conta xustificativa presentada pola **Asociación Fundación contra el Hambre** en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente, polo importe de 9.673,68 €

**PRP2019/1852**
Dáse conta do recurso de reposición presentado por Dona María Isla Avión, en representación de **Solidariedade Galega co Pobo Saharaui** contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2019, de non aprobación da xustificación da subvención concedida e dado que xa se procedeu ao pagamento da mesma, por importe de 3.000 €, acordabase comunicar á citada Entidade que deberían proceder ao reintegro da citada cantidade.
Dáse conta do informe da Intervención Municipal, no que se indica:
Vistos os antecedentes e comprobada a documentación do expediente e segundo o convenio asinado, cabe indicar:
**Primeiro**: Tal e como se informou en data 7 de marzo de 2019 non consta no expediente a xustificación do custe do billete, polo que non se podía calcular o custe dos billetes dos 5 nenos/as que estaban destinados a Vilagarcía de Arousa.
**Segundo**: No expediente consta factura (en francés) de xuño de 2018 por importe de 12.868.553 Dinares Arxelinos, sendo o cambio medio en ese mes de 1 Dinar Arxelino=0,00735 Euros, a factura ascende a 94.583,86 €. Na citada factura non se indica o número de billetes que se facturan, polo tanto non podemos obter o prezo unitario do billete, nin o numero de nenos que viaxaron.
**Terceiro:** Foi requirida a citada documentación en varias ocasións: notificación do Departamento de Servicios Sociais de data 17 de decembro de 2018 e notificación da Resolución de data 28 de decembro de 2018.
**Cuarto:** Na cláusula VIII.13 do convenio establecese os requisitos que deben cumprir as facturas para ser admitidas como xustificantes da subvención. No presente caso a factura non ten o debido detalle para determinar o número de billetes e polo tanto o seu prezo unitario. No mesmo senso manifestase o artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións en canto a xustificación das subvencións públicas.
**Quinto:** Os escritos asinados pola propia entidade onde indican o número de billetes que se corresponden coa factura nº 7410.10.042 non son suficiente xustificación documental para xustificar o importe da subvención, como tampouco non se admitiu as retiradas de caixa da propia entidade como xustificante de pago da factura.
**Sexto:** Xunto co recurso presenta escrito da compañía aérea onde se indica o custe de cada billete da factura nº 7410.10.042, documentación solicitada dende decembro de 2018. Esta documentación está presentada fora dos prazos establecidos para a subsanación da documentación presentada.
En consecuencia e tendo en conta que a subvención non foi subsanada en prazo e de conformidade aos requirimentos realizados, informase desfavorablemente o recurso de reposición presentado, non obstante a Xunta de Goberno Local decidirá ao respecto.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, mantendo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2019 e que

pola Tesoureía Municipal se inicie o correspondente expediente de reintegro.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.